

TIPOLOXÍA DAS MANIFESTACIÓNS DE CONTACTO LINGÜÍSTICO EN GALICIA. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS

BIEITO SILVA VALDIVIA
I.C.E. Universidade de Santiago

Os estudos sobre bilingüismo, sobre as conductas dos falantes que se desenvolven socialmente en dúas linguas e sobre as manifestacións lingüísticas desta situación de contacto teñen acadado un gran protagonismo nos últimos tempos. Isto débese, evidentemente, non só ó interese que ofrecen estes contextos para os investigadores da linguaxe, senón tamén ás implicacións de tipo psicolóxico, social, educativo e, en último termo, político que tén todo o relacionado coa lingua; proba esta ben definitiva de que un idioma non é só un sistema de signos abstractos, nin sequera un mero instrumento de comunicación, senón tamén o reflexo máis acabado e complexo dunha colectividade e un test de afectividades, valores e actitudes.

Hoxe parece indiscutible que as situacións de monolingüismo puro son bastante excepcionais. Desde unha perspectiva territorial, o plurilingüismo -recoñecido ou non oficialmente- é a norma, como teñen demostrado múltiples investigadores¹; e desde un punto de vista individual, este mesmo plurilingüismo ten base histórica xa nunha porcentaxe importante de falantes e estase a converter, por outro tipo de razóns, en postulado de supervivencia nunha sociedade aberta e internacionalizada como é a que se está a configurar nestas últimas décadas do milenio.

Pero, se resulta bastante fácil reducir o mito do monolingüismo e a falacia do progreso co que se intentou historicamente asociar, é considerablemente máis difícil establecer correspondencias de valor universal entre as situacións de plurilingüismo. A xerarquía, o prestixio e o rol social que os falantes lle atribúen a cada lingua, así como a mesma proximidade ou distanciamento entre os seus códigos configuran modelos de relación case irrepitibles; e, por outra banda, a natureza dinámica dos fenómenos sociais -e a lingua éo como ningún outro- impide fixar diagnósticos con pretensións de validez definitiva. Como

¹ Véxase Grosjean (1982), pp. 1-41, e Lüdi & Py (1986), pp. 11 ss. entre outros.

afirmara Weinreich (1953), o lugar onde as linguas entran en contacto non é un espazo meramente xeográfico, senón máis ben o individuo bilingüe, individuo que -engadiríamos nós- se converte, na súa dimensión máis íntima e persoal pero tamén en canto membro dun colectivo sociocultural, en suxeito de toda a conflictividade que se xera arredor destas situacións de contacto lingüístico.

Parecen, segundo isto, perfectamente xustificados os reparos e prevencións que provoca a miúdo o termo *bilingüismo*. E non só pola utilización política interesada que se fixo del en múltiples ocasións, senón tamén por razóns de estrito rigor científico: as desviacións que se foron producindo nas súas acepcións levaron a que servira para definir calquera situación, colectividade e persoa nas que dalgunha maneira fíxese acto de presenza máis de unha lingua. E xa se sabe que, cando unha palabra abrangue un universo semántico demasiado amplo, acaba por non significar nada, e, o que é máis perigoso, pode ser manipulada a pracer.

Probablemente habería que prescindir entón da pretensión de acadar unha definición universalmente válida deste concepto, xa que, como indican Lüdi/Py (1986) p. 19, esta tería que se basear en parámetros meramente funcionais (capacidade dun falante para pasar dunha lingua a outra en caso de necesidade), e estes non permitirían nin sequera diferenciar situacións bilingües e situacións unilingües de suxeitos con bos coñecementos da outra lingua. É dicir, poderíamos falar de bilingüismo como unha actividade lingüístico-comunicativa, pero non como un estado, como unha forma de relación estable e uniforme. Os individuos que podemos considerar bilingües sono de xeito moi variado e por razóns moi diversas, e xestionan a súa competencia nas dúas linguas en función de condicionamentos moi singulares relacionados cos propios falantes, pero tamén co estatus social, político e normativo desas linguas.

O camiño non pode ser, xa que logo, o das xeneralizacións teóricas, senón o do estudo dos *materiais discursivos* (De Pietro 1988) que permita identificar e tipificar aqueles fenómenos que dan testemuño lingüístico dunha situación de contacto e, a partir de aquí, intentar unha valoración global dos factores lingüísticos, psicolóxicos e sociolóxicos que condicionan estas interaccións comunicativas en cada caso concreto.

Alguns conceptos clave: Interferencia e alternancia lingüísticas

Intentaremos precisar o sentido dalgúns vocábulos empregados habitualmente na descrición de fenómenos lingüísticos característicos

das situacións de linguas en contacto antes de nos referir ó caso galego.

Deixaremos de lado a cuestión da elección dun ou doutro código por parte dos falantes bilingües para realizar os seus intercambios comunicativos. É dicir, por qué individuos que conviven con dúas linguas e se mostran competentes para empregalas indistintamente escollen nuns casos unha e noutros casos a outra. Esta opción lingüística -sempre condicionada, aínda que sexa inconscientemente- téna a súa raíz en factores de tipo psicosocial que atinxen ó falante e ós propios códigos como instrumentos de interacción social e como símbolos dunha colectividade ou dunha cultura determinada. Responde, en suma, a conductas regradas, pero que quedan fóra do ámbito estritamente lingüístico, e desvíase, por iso, do noso obxecto de estudio nestes momentos.

Excluídos estes usos lingüísticos, cremos que o resto das manifestacións propias dunha situación de contacto se poden agrupar en dous conceptos fundamentais: o de *interferencia* e o de *alternancia*. Deterémonos a seguir un pouco en precisar a súa natureza e tamén a establecer os seus límites.

1. A interferencia lingüística

É, sen dúbida, o termo máis empregado nos estudos lingüísticos sobre estas situacións de códigos en contacto²; pero, precisamente por iso, a súa acepción varía tamén considerablemente duns casos a outros.

É moi frecuente incluír baixo este rótulo calquera fenómeno de intercambio ou transferencia (léxica, morfosintáctica, fonética, etc.) entre dúas linguas que conviven socialmente nun mesmo territorio. As dúas definicións que recolleemos a seguir serían unha boa mostra desta concepción lata da *interferencia lingüística*:

"Interférence: Des éléments issus du système d'une langue sont introduits dans le système d'une autre langue, ou, au contraire, certains éléments sont abandonnés dans une langue parce qu'ils n'existent pas dans l'autre langue". Lüdi, G.-Py, B. (1986), p. 116.

"Una interferencia, en sentit ampli, és un canvi lingüístic (= una innovació, una pèrdua, una substitució) que té lloc en una llengua A (o registre), i que es motivat directament per la influència d'una llengua B (o d'un altre registre de la mateixa llengua, si així s'especifica)". Payrató, LLuis (1985), p. 58.

² Véxase simplemente en relación coa situación galega a "Bibliografía de Lingüística Galega II" de Regueira Fernández X. L. (coord.) incluída en *Cadernos de Lingua* 2, 1990, pp. 186 ss.

Este tipo de definicións non permiten diferenciar aqueles fenómenos lingüísticos xa integrados no sistema da lingua receptora daqueles outros que se producen de xeito esporádico e se senten aínda como estraños a este sistema lingüístico; e abranguería tamén os coñecidos como "calcos" (adaptación ó sistema receptor dun elemento de orixe foránea: exemplos como "aguxeiro", "lexos", "manoxo", etc.).

Tamén nos estudos que se téñen realizado no noso contexto se vén empregando o termo *interferencia* cun valor xenérico equivalente ó de *castelanismo* ou *galeguismo*, segundo cal sexa a lingua desde a que se realiza a análise. E isto obriga a facer de seguido unha serie de matizacións para diferenciar distintos estadios na introducción da voz estraña ou distintos niveis de implantación.

Cítemos dous traballos de publicación recente:

-Graña Núñez (1991), partindo do concepto de "castelanismo" / "interferencia", e en concreto ó se referir a fenómenos léxicos, fala de "casos de convivencia da forma galega co castelanismo", de "adaptación do castelanismo á fonética galega", de "introducción do castelanismo pleno" e de "castelanismos aceptables".

-Herrero F. e Lago S. (1991), desde a perspectiva do español e tendo en conta o grao de incidencia das interferencias, distinguen "galleguismos integrantes de nuestra norma dialectal" (de uso xeneralizado no español falado en Galicia) e "galleguismos non integrantes de nuestra norma dialectal" (de uso moito máis circunstancial).

Uriel Weinreich, referente inevitable en calquera estudio sobre o tema, establece no seu libro *Languages in contact* (1953) unha diferenciación entre *interferencia* e *préstamo*: a primeira referiríase ós elementos estranxeiros que se introducen nos campos máis estruturados da lingua (sistema fonolóxico, boa parte da morfoloxía e da sintaxe e só algunha área específica do vocabulario) e implicaría un reaxuste de patróns; mentres que o segundo aludiría a aquelas transferencias que se producen nos niveis menos estruturados (especialmente no vocabulario) e non suporía, en principio, un reaxuste do sistema.

Pero esta diferenciación é pouco máis que teórica; pois, nin é inevitable a reorganización do sistema nos casos que el define como *interferencia*, nin se pode descartar nos que considera *préstamos*. O mesmo autor acaba falando no seu estudio de *interferencias*, independentemente do nivel lingüístico no que se producen (fónico, gramatical ou léxico), e emprega esporadicamente o termo *préstamo* de forma subsidiaria e sen valor diferenciador.

Parece claro, segundo o que levamos dito, que existe unha variada gama de fenómenos dentro do que xenericamente se chama interferencia de difícil deslinde, e máis aínda nunha "lingua en elaboración" (Esser, U. 1986) coma a galega. Pero, ó mesmo tempo, parece necesario, metodoloxicamente, acoutar a extensión deste concepto para que poida definir situacións o máis homoxéneas posibles, e, para iso, probablemente a distinción máis útil é a que se deriva da parella *interferencia na lingua* (fenómenos xa integrados no sistema receptor) e *interferencia na fala* (fenómenos aínda non integrados nin aceptados pola norma da lingua interferida). O terreo específico da *interferencia* entendemos que é este último, xa que as primeiras non son exclusivas das situacións de contacto ás que nos estamos a referir, aínda que sexa moi interesante en contextos coma o galego identificar os mecanismos que favorecen ou dificultan este proceso, a dirección en que se produce de xeito preferente e as razóns (lingüísticas e extralingüísticas) que se agachan nesta modalidade de intercambios.

O mesmo Ll. Payrató, citado máis arriba e autor dun dos máis exhaustivos traballos sobre a interferencia lingüística (referido á relación castelán-catalán), acaba establecendo unha gradación deses fenómenos que "en sentit ampli" el definía como *interferencia*, e propoñendo reservar esta denominación só para aqueles "Trets o elements forasters (= que pertanyen a una llengua A) que utilitza un parlant bilingüe quan s'expressa en una llengua B. No es donen en els monolingües ni la normativa els accepta" (p. 59).

No caso galego habería que insistir de xeito especial neste criterio de aceptación ou non aceptación pola norma académica, porque o grao de deturpación en que se atopa o noso idioma -mesmo entre falantes que poderíamos considerar habitualmente monolingües- non nos debe permitir excluír castelanismos evidentes ("pueblo", "jueves", "árbol", "duda"...) por moito que sexan formas bastante comúns entre os galegofalantes. A súa consideración como fenómenos insertos no sistema da lingua atendendo simplemente a razóns de xeneralización sería o primeiro paso para entendelos como préstamos e, en boa lóxica, para lexitimalos con posterioridade normativamente.

2. *A alternancia de códigos*

Á beira destes fenómenos que acabamos de describir atopámonos nestes contextos de linguas en contacto con outro tipo de usos nos que as dúas linguas se combinan de xeito consciente e cunha finalidade determinada. Trátase de verdadeiras creacións lingüísticas nas que o falante, facendo uso da súa competencia bilingüe, conforma un

discurso no que se alternan os dous códigos no eixo sintagmático respectando a autonomía de cada sistema.

A diferenciación, teórica, entre unha *interferencia lingüística* e unha *alternancia de códigos* consistiría, en esencia, no seguinte:

a) No caso da *interferencia* trátase da *transferencia* dunha estrutura (en calquera dos niveis lingüísticos) entre dúas linguas que están en contacto nunha comunidade determinada; mentres que na *alternancia* non se produce unha transferencia, senón un uso alternativo de estruturas dos dous códigos.

b) A estrutura transferida no caso da *interferencia* incorpórase, aínda que só sexa puntualmente e no enunciado concreto en que se produce, á estrutura da lingua receptora. É dicir, non funciona de xeito autónomo con marcas específicas que a singularicen para os interlocutores como un elemento estraño á lingua que está a servir de base para o discurso.

Pola contra, na *alternancia* as estruturas ou compoñentes lingüísticos das dúas linguas manteñen a súa autonomía, dado que se trata "d'une situation de communication définie comme bilingue par les participants" (Lüdi-Py 1986, p. 141).

c) Nunha situación de linguas cun grao de estandarización e normalización suficientes, o falante sería inconsciente da *interferencia*, e explicaríase por unha competencia imperfecta na lingua que pretende empregar (esta é a razón de que se compare moitas veces coa situación de aprendizaxe dunha L2, na que os "erros" motivados pola superposición de estruturas da L1 constitúen un estadio absolutamente normal nese proceso de adquisición da nova lingua). No caso de linguas que non reúnen eses requisitos, a cuestión é moito máis complexa, e non se pode limitar a un problema de competencia lingüística. Este é, como veremos máis adiante, a situación do galego na súa relación co castelán.

Fronte a esta "desviación inconsciente do sistema" en que se converte calquera *interferencia*, a *alternancia* é un fenómeno consciente que non delataría unha competencia lingüística limitada, senón unha especial destreza bilingüe ("a sensitive indicator of bilingual ability" Poplack, Sh. 1980, p. 581) ou unha opción lingüística da que fai uso o falante por razóns expresivas ("un choix stylistique lié à la situation" Lüdi-Py 1986, p. 142). Sería, desde o punto de vista estritamente lingüístico, un fenómeno parecido ó cambio de rexistro ou á utilización de variantes dunha mesma lingua dentro dun único discurso, aínda que hai diferencias decisivas no referente a actitudes e a motivacións extralingüísticas que non se poden esquecer, e que no caso da relación

galego-castelán teñen que considerarse fundamentais en calquera análise sociolingüística.

Vexámolo con dous exemplos:

1) Un titular de "La Voz de Galicia" (20-4-91):

"Novos cantares dedicados ás costumbres dos españoles"

Non parece arriscado afirmar que o responsable dese enunciado pretende expresarse en galego, e que as formas non galegas que se introducen no mesmo son interferencias do outro idioma en contacto: o castelán. O autor dese titular é inconsciente de estar a facer uso de elementos alleos á lingua galega, como o demostra o que non aparezan descatacas con ningunha marca gráfica (tipo de letra, comiñas, etc.).

2) Un spot publicitario da Xunta de Galicia (ano 1990):

"Identifícase polo símbolo
TERNERA GALLEGA
Con denominación de calidade"

Neste caso parece claro que a combinación dos dous idiomas é perfectamente consciente e que responde a un interese comunicativo determinado.

Grosjean (1982) distinguiu estas dúas situacións opoñendo os conceptos de *discurso unilingüe* e *discurso bilingüe*.

Terían en común que se refiren a intercambios comunicativos que se producen entre falantes bilingües e/ou en contextos desta natureza; pero, mentres no primeiro caso o responsable do discurso pretende manterse dentro dunha norma unilingüe, no segundo bota man de préstamos do outro idioma ou maniféstase alternativamente nun e noutro de forma consciente sen que os dous códigos se confundan nin perdan autonomía.

Agora ben, se a *interferencia* pode ser considerada como un síntoma da incompetencia lingüística do falante ou como unha deficiente fixación normativa da lingua que a sofre, a *alternancia* cumprirá unhas veces unha función de apoio complementario da lingua que serve de base á comunicación (resolver un déficit léxico, por exemplo), pero tamén pode obedecer a razóns extraestructurais (destacar valores asociados con cada unha das linguas, dos interlocutores, das situacións de comunicación, etc.).

Nun enunciado como o seguinte:

"Pero, mujer, ¿ni siquiera eres capaz de apartar el coche?
¡Arre demonio, non sei para qué che deron o carnet!"
(recollido oralmente nas rúas de Santiago)

podemos apreciar cómo un falante situado inicialmente no castelán se pasa ó galego a través dunha fórmula exclamativa ("iarre demonio!") bastante característica deste idioma, pero na que se inclúe unha palabra na súa forma castelá ("demonio"). Ailladamente esta voz habería que considerala como unha interferencia léxica; mas esta simple denominación non daría conta da súa funcionalidade nin explicaría a súa razón última de ser, que só se poden entender no contexto lingüístico no que aparece e na situación comunicativa en que se produce o discurso.

A semellanza dos códigos galego e castelán e o coñecemento, cando menos pasivo, de ámbolos dous por parte dos usuarios destes idiomas en Galicia permiten combinacións múltiples que, lonxe de ser unha barreira para a comunicación, aportan ó discurso matices variados. Por iso o estudio destes fenómenos terá que se abordar desde perspectivas non estritamente lingüísticas que poidan integrar tódolos factores que entran en xogo nunha situación de contacto lingüístico. E, pola mesma razón, tampouco parece arriscado supoñer que as motivacións na alternancia galego-castelán ou castelán-galego non son homoxéneas nin independentes da lingua de que se parte en cada acto de fala.

Problemas de competencia, norma e normalización

A diferenciación entre interferencia lingüística e alternancia de códigos consideramos que é absolutamente pertinente no contexto galego. Segundo o que levamos dito, non parecen equiparables, por exemplo, realizacións lingüísticas como:

"Cada vez resulta más difícil circular por estas *corredoiras* en que están convertidas las carreteras gallegas"

ou

"Aquí son eu quen decide o que hai que facer, de maneira que *lo tomas o lo dejas*"

con outras como:

"Juan hoy no está; *le va en Vigo*"

ou

"O animal quedou morto no medio da *carreteira*".

Nos dous primeiros exemplos -e non nos importa agora cal é o idioma base de cada un- podemos presupoñer que o falante incorpora conscientemente ó seu discurso elementos do outro idioma cunha funcionalidade ou propósito determinado: expresividade, dificultade, para atopar unha expresión equivalente na lingua A, desexo de chamar a atención sobre algo, etc. "Corredoiras" e "lo tomas o lo dejas" pasarían a ser así recursos dunha competencia bilingüe que entrarían na esfera da creatividade. Pola contra, nos outros dous exemplos, a construción "le va en" no lugar de "está en" / "fue a", e a adaptación á fonética galega de "carretera" non parece ter moito que ver cunha intencionalidade desta natureza, senón cun deslinde deficiente das marxes lingüísticas dos dous idiomas.

Pero, ¿en que se basea esta diferenciación aparentemente tan nítida entre estes dous tipos de discursos?, ¿esa autonomía ou integración maniféstase lingüisticamente de distinta maneira?. É dicir, ¿é posible deducir da simple análise das distintas realizacións lingüísticas se nos atopamos nunha ou noutra situación?

A resposta parece máis ben negativa, sobre todo cando se trata de segmentos lingüísticos breves; o cal indica que é preciso botar man de indicadores contextuais ou situacionais ligados ó tipo de discurso (oral ou escrito), ó rexistro lingüístico (formal, informal), ós propios emisor e receptor do discurso, e, en xeral, ós distintos factores que se moven na periferia do acto comunicativo.

Hai, pois, serias dificultades para tirar rendabilidade desta distinción conceptual se se parte dun modelo de análise lingüística restrinxida baseada na gramática da frase; pero resultará máis doado se se adopta unha perspectiva comunicacional relacionada coa gramática do texto, a pragmática, a análise do discurso ou a sociolingüística interaccional.

Agora ben, na situación en que se atopa o galego en relación cos seus usuarios e co outro idioma de uso social en Galicia, as cousas complícanse aínda máis. Existen unha serie de factores de tipo diverso que explican a existencia de usos lingüísticos profundamente híbridos³, pero con moi distintas repercusións no sistema de cada un destes idiomas: a prolongada situación de contacto; o distinto rol social que se lles atribuíu; o arredamento do galego do uso escrito, dos círculos do poder e da escola durante varios séculos; a proximidade estrutural entre os dous códigos, etc.

³ Constantino García falaba xa en 1976 dun dialecto agalegado do castelán e dun dialecto castelanizado do galego ou "chapurrao" en "Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano", *REL*, 6, 2, pp. 327-343.

Isto supuxo unha eiva importante para a normalización social do galego, pero tamén para a planificación do seu corpus lingüístico. Os progresos realizados nos últimos anos neste segundo campo son notables, e hoxe está consumado (á marxe de polémicas distorsionadoras) o proceso de grafización (fixación dunha norma para a escrita) e estase en camiño de acadar un modelo de lingua estandard (unha variedade normal sobreposta a variantes diatópicas e diastráticas). Pero o problema é que unha porcentaxe importante de usuarios do galego aínda non coñece ou non se recoñece nesa norma académica. Hai un desaxuste importante entre a norma socialmente asumida -profundamente castelanizada á conta de todos eses factores que se indicaban máis arriba- e a fixación que se lle está a dar ó idioma desde as instancias científicas competentes. Sucede que a autoridade e a virtualidade dunha norma idiomática para se incardinar socialmente reside no seu prestixio lingüístico. Digámolo con palabras de Lope Blanch referidas á norma lingüística do español: "La validez de una forma, la 'calidad' de un hecho fónico o gramatical no depende de su legitimidad etimológica, sino de factores extralingüísticos (...) Y son estos mismos factores los que determinan, conjuntamente, el prestigio de cualquier norma lingüística" (Lope Blanch, J.M., 1987, pp. 395-397). E cita este autor como fonte deste prestixio (no seu caso referido á norma madrileña fronte a outras variantes peninsulares e hispanoamericanas do español) factores políticos, económicos, culturais, históricos e psicolóxicos. Especialmente estes dous últimos xustificarían que, malia a independencia política e o desenvolvemento económico e cultural de certos países e cidades americanas, siga a ser a norma culta madrileña a máis prestixiada.

Retomemos agora o caso do galego. O idioma de Galicia foi durante séculos unha lingua sen Estado -ultimamente con algo de Estado, pero insuficiente e "pouco entrañado" (Alonso Montero, X., 1990, p. 281); identificado cos labores máis marxinais e cos individuos e colectivos menos favorecidos social, económica e culturalmente; mesmo proscrito e ridiculizado por aqueles que representaban o prestixio, a cultura e o poder, e que se manifestaban noutro idioma.

Nesta situación, o resultado era inevitable: o castelán non só se converteu na lingua de referencia e modelo no aspecto social (velaí a relación diglósica entre os dous idiomas), senón tamén no estrictamente lingüístico-estructural: moitos dos galegos que non prescindiron do seu idioma o que fixeron foi ilo achegando progresivamente ó castelán, probablemente coa pretensión inconsciente de que a paulatina neutralización das estruturas dos dous idiomas levara aparellada unha neutralización do estatus social dos seus usuarios.

As consecuencias lingüísticas de que a verdadeira norma culta do galego fose durante moito tempo o castelán maniféstanse no abandono de moitos dos rasgos que o singularizaban (especialmente no campo da fraseoloxía e do léxico), no uso preferente daqueles vocábulos ou estruturas que coinciden co castelán, e, por último, na incorporación de formas propias deste idioma e alleas ó sistema do galego.

Todas estas son manifestacións de *interferencia* dunha lingua na outra, no sentido amplo que definían Lüdi-Py este concepto: elementos dunha lingua introducidos no sistema da outra, ou elementos abandonados nunha lingua porque non existen na outra. Pero este empobrecemento e deturpación do galego provocou unha situación singular entre moitos galego-falantes na actualidade e que é un dos síntomas máis contundentes da anormalidade lingüística en que vive o noso idioma: o emprego de castelanismos profundamente instalados socialmente, non por descoñecemento da norma nin sequera porque a utilización da voz propiamente galega puidese provocar dificultades de comprensión para o interlocutor, senón para non rachar o vínculo afectivo-comunicativo entre ambos. Que un galego-falante habitual diga "calle" en vez de "rúa", "carretera" por "estrada", "rodilla" no lugar de "xeonllo", "abuelo" en vez de "avó", etc. acaba por ser, en segundo qué contextos ou ámbitos comunicativos, unha esixencia de autenticidade. Poderíamos dicir que o criterio de *adecuación* se antepón ó de *norma*; pero isto non é rigorosamente exacto, porque o que acontece é que o devir histórico fixo que a verdadeira norma (a socialmente asumida) estivese representada polas formas castelás. Pasa especialmente na esfera máis íntima e familiar, e por iso resulta tan difícil regaleguizar algo tan persoal como é o propio nome. Os antropónimos, totalmente castelanizados ata datas moi recentes mesmo nos espazos xeográficos máis periféricos e arredados da influencia castelá, tiveron que esperar a esta última xeración para recuperar en parte a súa forma galega, coa curiosa paradoxa de que moitos destes nenos de nome xa galego non son na súa práctica galego-falantes.

Estamos, xa que logo, diante dun problema específico que non se dá noutras situacións de contacto: entre os portorriqueños en EE.UU. que estudou Shana Poplack, os emigrantes no cantón francófono suízo de Neuchâtel que investigaron Lüdi-Py, e mesmo a situación catalá que describe Payrató (por referírmonos só ós casos que citamos preferentemente neste traballo). Ou, de se dar, tén peculiaridades diferenciadoras, porque a aprendizaxe lingüística está ligada a prácticas socioculturais presentes no medio no que a persoa medra e se desenvolve. E é un feito que a aprendizaxe do galego ata datas moi

recentes se realizou exclusivamente por vía oral e en condicións de total dependencia da norma castelá. Isto supón un problema metodolóxico engadido para realizar un estudio en profundidade das manifestacións do contacto lingüístico en Galicia, ó mesmo tempo que nos reafirma na crenza de que a normalización do corpus (entendida tamén na súa dimensión de aceptación social dunha norma) e a normalización do estatus (a incorporación desa lingua a tódolos usos sociais) van necesariamente ligadas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, X. (1990): "Do Estado da lingua: algunhas cuestións" *Grial* 107, pp. 275-293.
- Esser, U. (1986): "O galego, lingua en elaboración", *Grial* 93, pp. 334-343 (Trad. de López Gato, R. e Regueira, X.L.).
- García González, C. (1976): "Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano", *REL* 6, 2, pp. 327-343 (Reeditado en García González, C. (1985): *Temas de lingüística galega*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, pp. 109-140).
- Graña Núñez, X. (1991): "Aproximación ó castelanismo", *Homenaxe ó Constantino García II*, Brea, M. e Fernández Rei, F. (coord.), Univ. de Santiago de Compostela.
- Grosjean, Fr. (1982): *Life with two languages. An introduction to bilingualism*, Cambridge, Mass./London, Harvard Univ. Press.
- Herrero F., M.C. e Lago S., J.R. (1991): "Aspectos más sobresalientes del contacto gallego-castellano en las aulas", *Actas I Simposio Internacional de Didáctica da Lingua e a Literatura*, Univ. de Santiago de Compostela.
- Lope Blanch, J.M. (1987): "El concepto de prestigio y la norma lingüística del español", *Teoría lingüística y enseñanza de la lengua*, Alvarez Méndez (ed.), Akal Universitaria, Madrid.
- Lüdi, G. e Py, B. (1986): *Étre bilingue*, Ed. Peter Lang S.A., Berne.
- Payrató, Ll. (1985): *La interferencia lingüística*, Curial Ed. Catalanes, Publ. de l'Abadía de Montserrat.
- Pietro, J.F. de (1988): "Vers une typologie des situations de contacts lingüistiques", *Langage et société* 43, pp. 65-89.
- Poplack, Sh. (1980): "Sometimes I'll start a sentence in Spanish Y término en español: toward a typology of code-switching", *Linguistics* 18, pp. 581-618.
- Weinreich, U. (1953): *Languages in contact*, Ed. Mouton, The Hague, 1964.